



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Hei de cantar tod´á nuite
a mah mañán tod´o día
que me din que teño pena,
e teño moit´alegría.

/:Hei de cantar a cantar-e/
ou ben hei d´enrouqueser-e
ou ben hei de crarear-e.

Esta gharghantiña rouca
n-a fixo nincún furreiro,
que a fixo Dios do seu
qu´é o mellor carpenteiro.

Miña nai dándom´o caldo
se queres que volo coma
que quero ir ve-la dama
antes qu´a luna se poña.

Hastra i-as nove me tienes
en sus pecho en la ventana,
i s´a las nove non cheghas
eu márchoche para cama.

Aquí tamos tres queridos
e todos tres a queremos,
mire usté en cal escolle
los otros nos marcharemos.

Porque lle queremos ben-he
témo-lo mundo contrario
habémoslle de querer-e
aunque nos coste traballo.

/:Quérolle ben-he, non hai duda:/
habémonos d´enterar-e
suntos nunha sepultura.

Adiós, astra mañán-he
que mañán hei de volver-e,
resaresme pola i-alma
que tamén podó morrer-e.



Este pandeiro que toco
éche de couro d'ovella,
onte comía na i-herba
ose toca qu'arrabeia.

Toca, miña pandeireta,
non te rías de mis manos,
veño de Montevideu-e
e de ve-los americanos.

Anque vou e veñ' aquí-e
non veño anamorar-e
que na miña terra deixo
amores arrodear-e.

Cando paso por tu puerta
en la ventana no 'stás-e
vou acurtando los pasos
por ver se te asomarás-e.

Ventanas para la calle,
querida, son pelegrosas
para padres de familia
que teñen niñas hermosas.

Queridiña, dónll'os ollos
tamén lle me doen os meus-e,
vámonos lavar ón río
dond' a truita lav'os seus-e.

Teño vintasinco mosas,
no corasón teño unha,
se me quel e el' é lial-e
xa non quer'outra nincunha.

Se queres que cante ben-he
dándem' un vaso de viño
qu' o viño é cousa santa,
faí o cantar delghadiño.

Aghora non canto máis-e
que se m'acabou a ghrasia,
unha pouquiña que teño
lévoa prá miña casa.